

Resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés do 1 de xuño de 2021 pola que se convoca o procedemento de mobilidade interna voluntaria para persoal fixo de diversas categorías do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.

A Disposición Adicional Quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que *"con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organización sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema de Saúde, a permanencia na institución, a formación continuada e a docencia"*.

Con data 23 de decembro de 2009 aprobáronse na Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde as bases do procedemento de traslados internos, modificadas mediante Acordo do 31 de xaneiro de 2014, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión de servizos, onde se establece que *"a convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área"* engadindo ademais que *"a convocatoria contará, como mínimo, dunhas bases, da relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional, e do modelo normalizado de solicitude"*.

Coa finalidade de facer efectivo o dereito a mobilidade interna do persoal do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, negociáronse as bases que rexerán o citado proceso coas organización sindicais representadas na Xunta de Persoal. Procede, xa que logo, a convocatoria do proceso de mobilidade.

Nesta nova convocatoria inclúense aspectos novidosos respecto de anteriores convocatorias, dos que cómpre salientar:

- A solicitude será deberá cumprimentarse a través de Fides, se ben deberá presentarse no rexistro no prazo de presentación, aos efectos da súa eficacia.
- O proceso de elección de posto, será telemático. Unha vez publicados as listaxes definitivas de aspirantes admitidos ao proceso, por resolución da xerencia, que se publicará na intranet, abrírase un prazo para que as persoas participantes realicen a súa elección aos destinos e establecendo a orde de prelación da súa preferencia.
- O anexo de postos ofertados nesta convocatoria resulta orientativo dado que os profesionais poderán elixir entre os destinos vacantes ofertados e aqueles que resulten da adxudicación de destino a outros profesionais, cuxa oferta se concretará con carácter previo á fase de elección posto.
- Todos os profesionais que non teñan asignado destino definitivo teñen a obriga de participar e elixir algún dos postos de entre os ofertados.
- Os profesionais que gocen dunha adaptación de posto de traballo, deberán participar a todos os postos que entendan que se adaptan ás súas limitacións. En todo caso, ao finalizar o proceso realizarase unha reubicación de todo o persoal que estea afectado por limitacións e non acade destino no mesmo, previa valoración do estado das súas limitacións.

Xa que logo, de conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e Orde de 22 de abril de 2020 de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

RESÓLVESE

Primeiro: Obxecto:

Pola presente resolución convócase o procedemento de mobilidade interna voluntaria para todo o persoal fixo con praza en propiedade no Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra das categorías de persoal incluídas no Anexo III do Complexo Hospitalario de Pontevedra.



Segundo: Réxime que regulará o proceso

A presente convocatoria rexeráse polas bases que se inclúen na presente resolución.

Terceiro: Obriga de participar

1. Terá obriga de participar

- a) O persoal con praza en propiedade na institución (Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra) que non tivera adxudicado posto de traballo con carácter definitivo.
- b) O persoal cunha adaptación de posto de traballo por motivos de saúde, agás o persoal adaptado por motivos de xestación ou lactación, aos destinos ofertados na fase de elección que se adapten á súa situación de saúde e limitacións. Os profesionais que obtiveren destino incorporaránse ao posto obtido no proceso, entendendo que o posto adxudicado se adapta ás súas limitacións.

Rematado o proceso, sucederáse á reavaliación do estado de saúde de todos os traballadores con limitacións para o desempeño do seu posto de traballo, que non tiveran obtido destino, aos efectos de proceder á súa readaptación de posto naqueles que ficasen vacantes ao remate do proceso de mobilidade interna. A tal fin, atenderáse ás limitacións dos traballadores afectados, a duración e gravidade das lesións. A adaptación dos traballadores con limitacións, que tivesen participado no concurso, realizarase con carácter preferente á adscripción do resto dos profesionais pendentes de adscripción.

- 2. O persoal, que tendo a obriga, non tivese participado consonte a presente convocatoria, quedará a dispor da dirección que efectuará a súa adscripción nalgún dos postos de traballo resultantes do presente proceso, logo da reubicación de todos os profesionais.

Cuarto: Presentación das solicitudes de participación

Cada participante deberá cubrir unha única solicitude de inscrición de Mobilidade Interna Voluntaria, no modelo normalizado, a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES/expedient-e/Procesos). Esta solicitude de inscrición estará dispoñible ata o último día de presentación de solicitudes. Unha vez cumprimentada debidamente a instancia, deberá imprimila e

presentala, no prazo de vinte (20) días dende a publicación do anuncio da convocatoria no DOG, preferentemente no Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.

Así mesmo, tamén poderán presentalo en calquera dos rexistros aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), e demais lugares previstos no artigo 10 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación.

Quinto: Desenvolvemento do proceso

Rematado o prazo de presentación de instancias, e tra-la súa valoración pola Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria, publicarase a listaxe e puntuación provisional de persoas admitidas na orde de prelación que resulte da obtida pola baremación dos méritos achegados, así como a listaxe de persoas excluídas, indicando a causa de exclusión.

Contra a listaxe provisional abrírase un prazo de quince días (15) hábiles, para formular as reclamacións ou alegacións que os profesionais considerasen oportunas.

No prazo dun mes, dende a finalización do período de reclamacións, publicarase a listaxe e a puntuación definitiva de aspirantes admitidos, así como listaxe definitiva de aspirantes excluídos.

Sexto: Elección de destino

1. A elección de destino realizarase de xeito telemático trala publicación do listado definitivo de aspirantes admitidos no proceso de Mobilidade Interna.
2. Por resolución da xerencia, habilitarase un prazo de dez días hábiles para a elección de destino de entre os que finalmente resulten ofertados, a saber, os destinos vacantes que figuran no Anexo III á presente convocatoria, así como aqueles susceptibles de resultas como consecuencia da

participación dos profesionais no proceso, de conformidade co disposto no parágrafo 6 da base Oitava das reguladoras dos presente procedemento.

Os profesionais deberán indicar os destinos polos que opta na orde da súa preferencia para a adxudicación.

3. Os destinos ofertados incluírán as características básicas do desempeño, nomeadamente, área de adscripción de mobilidade interna, quenda e centro, no seu caso.

4. Os destinos serán adxudicados de xeito automático en función da puntuación que acrediten os aspirantes. A Comisión de Mobilidade, revisado o proceso, elevará proposta de adxudicación á Xerencia, consonte o determinado na base oitava.

Sétimo: Efectos da participación no proceso de mobilidade interna e incorporación ao novo destino

1. Os destinos adxudicados terán carácter irrenunciable.

2. A data e o prazo para a incorporación ao novo destino seralle notificada a cada profesional pola respectiva dirección.

A incorporación será plenamente efectiva nas tarefas, responsabilidades, carteleira de traballo e demais aspectos de carácter organizativo e alcance profesional.

Oitavo: Efectos da incorporación dos profesionais aos destinos adxudicados

1. Trala resolución do proceso de mobilidade todos os profesionais con limitacións en adaptación de posto de traballo serán revaluados pola UPRL.

Realizadas as avaliacións, procederase a adaptación dos profesionais consonte ás limitacións ou o estado de recuperación ou de saúde determinados polo informe de saúde laboral, atendendo ao tipo de limitación para o desempeño ordinario do posto de traballo, capacidade de recuperación, duración das limitacións e postos dispoñibles adecuados para cada traballador afectado.

2. Se como consecuencia da incorporación dos profesionais adxudicatarios dos novos destinos, fose preciso o desprazamento dun ou varios profesionais que estivese prestando servizos na área



de acoplamento, este, realizarase de conformidade co establecido na base décimo terceira das reitoras para o presente procedemento

3. A reubicación dos profesionais que resultasen desprazados como consecuencia da aplicación dos parágrafos anteriores, realizarase nun acto de elección público no que se ofertarán os destinos non adxudicados definitivamente en virtude do proceso de mobilidade e aqueles ocupados por quen estando obrigado a participar no proceso, non tivese participado

A orde de prelación, para a elección será a seguinte:

- Propietarios con praza en propiedade no CHUP, por orde de maior a menor antigüidade no centro (CHUP), que tendo a obriga de participar neste proceso, tivesen participado e elixido destino, e non resultasen adxudicatarios de destino.
- Persoal Interino, por orde de maior a menor antigüidade no vínculo actual.
- Persoal en comisión de servizos, de maior a menor antigüidade na comisión.

4. Os profesionais, que estando obrigados a participar no proceso non tivesen participado e elixido destino, quedarán a dispor da dirección respectiva para a súa adscripción temporal, logo da reubicación do persoal a que se refire o parágrafo anterior.

Noveno: Información e apoio ás persoas participantes

O Punto de Atención ao Traballador atenderá as dúbidas e consultas que os profesionais podan plantexar durante o desenvolvemento do presente proceso.

Asemade, co fin de que os profesionais podan dirixir as súas dúbidas ou consultas, habilitase a conta de correo: punto_atencion.traballador.pontevedra.salnes@sergas.es. Os profesionais identificaranse, expresando con claridade o seu nome e apelidos, DNI ou número de rexistro de persoal e categoría, así como un enderezo electrónico e número de teléfono de contacto.

Décimo: Publicación e notificación de actos, trámites e xestións que se deduzan do presente procedemento

Logo da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia, a publicidade das resolucións e actos que se deriven do presente procedemento realizarase mediante a publicación na Intranet da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

As notificacións que deban realizarse con alcance exclusivamente individual realizaranse, a tódolos efectos, á conta de correo corporativo de cada profesional, polo procedemento notifica.gal, (Recomédase a todos os profesionais que revisen a súa conta corporativa, a activen de se-lo caso, e baleiren os buzóns co fin de que lle poidan chegar as notificacións).

Décimo primeiro:

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos previstos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Pontevedra, 1 de xuño de 2021

O xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

José Ramón Gómez Fernández





BASES DO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL DE ATENCIÓN HOSPITALARIA DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

PRIMEIRA.- Normas xerais

1.- A cobertura, con carácter definitivo, dos postos de traballo Atención Hospitalaria da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés articularase mediante o proceso de Mobilidade Interna Voluntaria para o persoal fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario (diplomado ou graduado e titulado de formación profesional) e de xestión e servizos (persoal de formación profesional ou de titulación equivalente ou inferior), regulado nas presentes bases.

2.- A convocatoria incluírá, con carácter xeral, os postos correspondentes as prazas básicas vacantes en cada categoría. Malia o anterior, nos casos especificamente xustificados, poderanse excluír con carácter temporal a provisión de determinados postos correspondentes a áreas específicas ou que requiran singulares niveis de cualificación.

Con carácter excepcional e previa motivación da necesidade, a cobertura postos para os que se requira dunha formación específica ou experiencia singular poderá ser obxecto da convocatoria xeral de mobilidade, incluíndo a valoración de méritos adicionais relativos á experiencia ou formación relacionados co específico ámbito funcional. Asemade, cando por necesidades da organización asistencial, a cobertura definitiva destes postos de traballo non puidese aprazarse até a convocatoria xeral de mobilidade, poderanse realizar convocatorias singulares nas que, co debido respecto da garantía aos principios de publicidade, igualdade, mérito, capacidade, transparencia, e imparcialidade se artelle o proceso de cobertura respectivo.

A Xerencia informará á Comisión de Centro da relación de postos de traballo que requiran de especial cualificación ou experiencia, na que se recollerá a concreta formación ou experiencia, en relación coa materia e/ou habilidades, coñecementos ou nivel técnico a adquirir, tempo ou período necesario para a mesma, e a programación para que o persoal do Complexo Hospitalario da categoría respectiva, poida acceder de xeito voluntario á mesma, mediante un sistema de selección obxectivo e imparcial.

3.- Os postos convocados relacionaranse no correspondente anexo á convocatoria, no que se determinarán, por áreas de acoplamento, o número de postos obxecto de cobertura, así como a quenda e características singulares da prestación no citado posto, de se-lo caso. A adscripción do

profesional realizarase na área/unidade/servizo de acoplamento adxudicadaa consonte a convocatoria.

SEGUNDA.- Ámbito de aplicación.

1.- Poderá acceder ao procedemento de traslado interno regulado consonte as presentes Bases, nos termos e condicións previstos nelas, o persoal fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario (diplomado/graduado e de formación profesional) e de xestión e servizos (persoal de formación ou de titulación equivalente ou inferior) en situación de servizo activo, que teña acadado o seu destino definitivo (praza en propiedade) ou con reserva de praza no centro (Complexo hospitalario de Pontevedra ou Hospital Público de O Salnés), e ostente a categoría requirida para o desempeño do posto que se convoca e ao que se opta.

2.- Quedan excluídos os postos de carácter directivo así como os postos de xefatura e coordinación, dos que a súa provisión ven establecida no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde de 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

TERCEIRA.- Requisitos e condicións de participación.

1.- Serán requisitos para poder participar neste procedemento os seguintes:

- a) Ter acadado a condición de persoal fixo na correspondente categoría con destino definitivo no centro no que se convoque o proceso, no último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de traslado.
- b) Estar en situación de activo ou asimilada na categoría dos postos á que se opta, de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, de xeito que, de conformidade coas normas que regulen a dita situación administrativa, a persoa interesada goce de reserva de praza no centro.

2.- Non poderán participar nos procedementos de traslado interno:

- a) O persoal que ocupe unha praza ou posto de traballo en comisión de servizos, procedente doutro centro .
- b) O persoal do propio centro que se atope en comisión de servizos de carácter voluntario noutro centro distinto a aquel obxecto da convocatoria, durante un período superior a seis meses, na data da súa publicación.
- c) O persoal en situación de reingreso provisional.
- d) O persoal en promoción interna temporal na categoría promovida, aínda que si poderán participar na categoría de orixe.

3.- Terá obriga de participar:

- a) O persoal con praza en propiedade na institución (Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra) que non tivera adxudicado posto de traballo con carácter definitivo
- b) O persoal en adaptación de posto de traballo por motivos de saúde, agás o persoal adaptado por motivos de xestación ou lactación, ás prazas vacantes que se convoquen que se adapten á súa situación de saúde e limitacións.

O persoal que en adaptación de posto que resulte adxudicatario dun posto de traballo polo proceso de mobilidade interna, entenderase adaptado até o seguinte proceso de mobilidade, agás limitacións sobrevidas.

CUARTA.- Convocatoria:

- 1. A convocatoria de cada proceso de Mobilidade Interna Voluntaria será negociada coa Comisión de Centro de Atención Hospitalaria ou a Xunta de Persoal, segundo o caso.
- 2. A Mobilidade Interna Voluntaria convocarase, alomenos, cunha periodicidade bienal, en virtude de resolución da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- 3. A devandita convocatoria publicarase, en todo caso e sen prexuízo do emprego doutros medios de publicidade, na INTRANET da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés así como nos taboleiros de anuncios da Dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais.

A Resolución da convocatoria incluírá o seguinte contido mínimo:

- a) As bases da convocatoria
- b) A relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional, por áreas ou unidades de adscripción, tipo de quenda e características singulares de desempeño, de ser o caso.
- c) O modelo normalizado de solicitude a presentar, ou de selo caso, a descrición do proceso de presentación telemática, así como o prazo para a súa formalización.
- d) A descrición do proceso de elección de destinos.
- e) O carácter irrenunciable do posto adxudicado
- f) O réxime de adxudicación das resultas, de se-lo caso.
- g) O réxime de incorporación ao novo destino

As convocatorias serán publicadas, no Diario Oficial de Galicia, cun anuncio indicativo previo.

QUINTA.- Solicitudes e acreditación de méritos.

1.- Solicitude.

Cada participante deberá cubrir unha única solicitude de inscrición de Mobilidade Interna Voluntaria, no modelo normalizado, a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES/expedient-e/Procesos); esta solicitude de inscrición estará dispoñible ata o último día de presentación de solicitudes.

Unha vez cumprimentada, o interesado deberá inexcusablemente presentala, dentro do prazo establecido. A falta de presentación no rexistro terá a consideración de non presentada

A solicitude poderá presentarse no Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra ou ben en calquera dos rexistros aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), e demais lugares previstos no artigo 10 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación.

2.- Exclusiones.

Serán excluídos os aspirantes que non cumprimenten debidamente á solicitude de participación, o fagan de xeito erróneo ou ambiguo, a presenten fora de prazo ou dea lugar a diversas interpretacións da súa voluntariedade

3.- Protección de datos de carácter persoal.

Todos os datos achegados terán os niveis de seguridade determinados pola Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

4.- Prazo de presentación de solicitudes e acreditación de méritos avaliados.

O prazo de presentación da solicitude de participación será de vinte (20) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG.

Os méritos valoraranse ata o día inmediatamente anterior ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Soamente se terán en conta os méritos que constan mecanizados en FIDES/Expediente-e e estean debidamente acreditados documentalmente pola persoa interesada, mediante documentos orixinais ou copias compulsadas, na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non será obxecto de valoración neste procedemento de traslado interno voluntario ningún mérito acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes. No Anexo I destas bases inclúense as instrucións de acceso aos expediente electrónico (FIDES)

Non será necesaria a acreditación de servizos prestados que estean validados en FIDES.

A solicitude de participación no proceso de mobilidade interna será vinculante para o petionario

SEXTA.- Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria.

1.- Para cada proceso de mobilidade interna constituirase unha Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria, de carácter paritario, que estará formada por un representante de cada organización sindical con representación na Xunta de Persoal e por igual número de membros representantes da Administración. Designarase un titular e un suplente de cada un dos membros relacionados anteriormente.

2.- Dita Comisión terá as seguintes funcións:

a) A interpretación dos termos de cada convocatoria de traslado interno e a decisión acerca dos supostos sobre a materia que se puidesen producir e que non estivesen especificamente contemplados nestas bases.

b) A avaliación das solicitudes de participación presentadas.

c) A valoración dos méritos.

d) A elaboración das propostas de resolución do proceso.

3.- Todos os membros da Comisión terán voz e voto, poderá delegarse o voto por escrito, expresando o carácter e ámbito de delegación. Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos membros presentes, sendo necesaria para a válida constitución do órgano, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a, ou no seu caso, aqueles que os substituirán, e a metade mais un dos seus membros.

4.- A presidencia e a secretaría da Comisión será exercida por algún dos representantes da Administración. O/a presidente/a terá voto de calidade no suposto de producirse empate na adopción de decisións.

5.- Todos os membros da Comisión estarán sometidos ás normas de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LSP).

6.- Será incompatible a participación no proceso de Mobilidade Interna coa participación na Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria.



SÉTIMA. – Avaliación das solicitudes e baremos de méritos.

Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio indicativo da convocatoria.

Tales méritos deberán constar acreditados na forma e prazo anteriormente indicados. Non obstante, a Administración poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito.

As solicitudes serán avaliadas segundo o baremo recollido no Anexo II destas Bases.

OITAVA. – Desenvolvemento e resolución do proceso de Mobilidade Interna Voluntaria.

1.- A avaliación das solicitudes de participación, das que é responsable a Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria, realizarase conforme as presentes bases.

2.- A Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria adoptará as decisións pertinentes en relación coas posibles incidencias que poidan xurdir no ámbito das súas competencias.

3.- Logo da finalización do prazo de presentación de solicitudes e trala avaliación destas pola Comisión de Mobilidade interna Voluntaria, este órgano formulará unha proposta de resolución provisional á Xerencia, que incluírá as listaxes das persoas aspirantes admitidas á convocatoria segundo a súa orde de prelación, así como as persoas excluídas indicando, neste caso, a causa da súa exclusión.

4.- Recibida polo órgano convocante a proposta de resolución provisional coa mencionada orde de prelación, será emitida e publicada a devandita resolución no taboleiro de anuncios e na INTRANET da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, abríndose un prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante o dito órgano.

5.- Unha vez rematado o período de reclamacións, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do prazo para presentar reclamacións, a Comisión de Mobilidade Interna Voluntaria pronunciarase sobre elas e, en consecuencia, propondrá a resolución definitiva que será

ditada e publicada polo órgano convocante. Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderase implícita na publicación da resolución definitiva.

6.- A Resolución Definitiva abrirá o prazo para a elección de destinos.

A elección de destinos, de entre os ofertados na convocatoria, realizarase de xeito telemático a través da INTRANET da Área Sanitaria. Asemade o profesional poderá sinalar outros destinos da súa elección, que non tivesen sido ofertados, que puideran seren adxudicados polo procedemento de resultas por seren de necesaria ocupación, como consecuencia da sucesiva asignación de destinos.

O formulario a cumprimentar polos participantes na intranet, fará visibles os destinos ofertados, de conformidade coa convocatoria, así como o potenciais destinos susceptibles de seren adxudicados nas resultas. O profesional indicará a orde de prioridade da súa elección que condicionará a adxudicación en función da orde de prelación asignada pola puntuación que se lle outorgue trala da baremación dos seus méritos.

Non serán obxecto de adxudicación en resultas os postos de traballo a extinguir, ou aqueles que estean pendentes ou afectados por procesos de reestruturación ou reconversión de unidades ou servizos.

A Comisión de Mobilidade será informada ao respecto antes da apertura do citado prazo.

7. O destino adxudicado terá carácter irrenunciable

8.- Rematada a fase de elección de destinos, a Comisión de Mobilidade Interna elevará proposta de adxudicación provisional á Xerencia que publicará resolución no taboleiro de anuncios da Dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais e na INTRANET da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Contra a dita resolución abrirase un prazo de dez días para a presentación de reclamacións.

9. A Comisión de Mobilidade Interna valorará as citadas reclamacións e propondrá o listado definitivo de adxudicatarios dos novos destinos. A Xerencia publicará a resolución definitiva do concurso e declarará rematado o proceso de Mobilidade Interna Voluntaria, facendo públicos os destinos adxudicados, con carácter definitivo.

Contra a devandita Resolución os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

9.- O persoal que non acade posto neste procedemento e tivera previamente consolidado outro posto, permanecerá no mesmo con tal carácter consolidado.

10.- Ao persoal fixo, sen posto definitivo que se vexa desprazado pola adxudicación do posto que viña desenvolvendo con carácter provisional, e non acade pola súa vez un posto neste procedemento, asignaráselle un posto provisorio, ata a vindeira convocatoria de Mobilidade Interna Voluntaria ou, de se-lo caso, ata que se manteña a necesidade da cobertura.

NOVENA: Criterios de desempate

Naqueles casos nos que se produza empate na puntuación final entre varias persoas aspirantes a una mesma praza ou posto, os criterios de desempate pola súa orde, serán os seguintes:

- a) A favor do/da concursante que acredite máis puntuación no concepto de servizos prestados noa institución sanitaria (Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra/Hospital Público de O Salnés) na que se concurra.
- b) No caso de persistir o empate, a favor do/da concursante que acredite máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias públicas do Sistema Nacional de Saúde.
- c) De continuar persistindo o empate, a favor do/da concursante que acredite máis puntuación por experiencia profesional baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza, na categoría á que opta.
- d) De continuar persistindo o empate, a favor do/da concursante que acredite ter tomado posesión con anterioridade da praza en propiedade na categoría profesional á que opta.
- e) Se, con todo persiste o empate outorgaráselle preferencia ao profesional de maior idade.

DÉCIMA: Incorporación aos postos adxudicados

1. Co fin de evitar trastornos nos distintos servizos do centro, a incorporación dos/das adxudicatarios/as aos seus destinos será realizada de xeito progresivo no tempo e nun prazo non superior aos seis meses dende a data da resolución definitiva, agás nas áreas especiais que será en función do número de postos ofertados no servizo/unidade e do desempeño das competencias por parte dos/das adxudicatarios/as. Malia o anterior, a este persoal computaráselle para os efectos de antigüidade no servizo, dende o día seguinte ao da data de publicación da resolución definitiva.

2. A incorporación ao novo posto será plenamente efectiva nas tarefas, responsabilidades, carteleira de traballo e demais cuestións organizativas profesionais

Coa finalidade de facilitar a adaptación e o coñecemento das unidades nas que se obtivo o posto, a Dirección correspondente, previa solicitude do interesado, habilitará sesións prácticas e informativas que se realizarán fora da xornada laboral do traballador.

DÉCIMO PRIMEIRA .- Perda do posto adxudicado no proceso de Mobilidade Interna Voluntaria.

O posto adxudicado no proceso de Mobilidade Interna Voluntaria perderase polas seguintes causas:

- a) Por obter destino definitivo noutra unidade da institución sanitaria.
- b) Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na entidade mentres se permaneza na nova situación.
- c) Por estar destinado en comisión de servizos fóra da institución (Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra/Hospital Público de O Salnés) durante un período superior a seis meses, agás no caso de comisión de servizos de carácter forzoso.
- d) Por reestruturación do servizo/unidade, que afecte aos postos de traballo.
- e) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez transcorridos un máximo de tres meses dende a súa incorporación material e desempeño efectivo do posto de traballo e logo do informe emitido polo responsable da área

correspondente, logo de audiencia á persoa interesada e a comisión de traslados internos, procederase a revogar a súa adxudicación.

f) Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria.

DÉCIMO SEGUNDA .- Reserva de posto.

Reservarase o posto adxudicado no proceso de Mobilidade Interna Voluntaria, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente tal reserva de posto (entre outros, nos supostos de permisos sen soldo, situación especial en activo ou promoción interna temporal, de servizos especiais, ou liberados sindicais).

DÉCIMO TERCEIRA.- Criterios de saída

No suposto de que a incorporación ao servizo/unidade dun ou mais adxudicatarios/as de destinos por resolución do procedemento de Mobilidade Interna Voluntaria, implique o desprazamento de persoal do servizo/unidade seguirase a seguinte orde de saída:

a) Voluntariedade.

b) No caso de non existir voluntarios, segundo a seguinte orde de saída:

1º.- Persoal con vínculo estatutario temporal.

2º.- Persoal en comisión de servizos en praza vacante: saíran da unidade por orde decrecente de antigüidade (de menor a maior) como estatutario fixo do Sistema Nacional de Saúde na mesma categoría profesional.

3º.- Persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou provisorios, entendéndose tamén incluídos neste punto os nomeamentos de servizo determinado.

En caso de empate dentro deste punto 3º desempatarase aplicando de xeito analóxico os criterios establecidos no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, de xeito que:

O persoal con nomeamento interino en praza vacante, nomeamento provisorio, nomeamento de servizo determinado ou nomeamento de substitución de longa duración sairá da unidade en atención á orde de prelación, de menor a maior puntuación, na listaxe vixente de aspirantes ás vinculacións temporais da respectiva categoría.

4º Esgotados os nomeamentos referidos no parágrafo anterior, se fose necesaria a saída de máis persoal da unidade saíran as promocións internas temporais de longa duración, igualmente en orde de prelación, de menor a maior puntuación, na listaxe vixente de promoción interna da respectiva categoría.

5º.- Persoal fixo sen posto definitivo por concurso de traslado interno na unidade.

En caso de empate dentro deste punto 4º o desempate producirase dándose preferencia ao persoal polo estrito orde de prelación resultante da Resolución definitiva de puntuacións do concurso de traslado interno.

A estes efectos, o persoal que non teña participado no concurso, e, polo mesmo, non teña orde de prelación, considerarase que ten unha puntuación de cero e a súa orde de prelación será sempre a última. De producirse empate entre este persoal resolverase a favor de quen acredite maior antigüidade na categoría no Sistema Nacional de Saúde.

En caso de empate nos criterios b.1, e b.3, daráselle unha maior preferencia ao persoal con maior antigüidade na/s unidade/s afectadas.

DECIMO CUARTA.- Mobilidade por motivo de saúde.

Todo aquel persoal que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005 veña desempeñando as súas funcións, por motivos de saúde, nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de traslado interno solicitando a correspondente praza ou posto de traballo que ven desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde de 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

En caso de estar desempeñando un posto de saúde laboral con límite determinado no tempo (por exemplo, adaptacións motivadas por risco por embarazo ou lactación, tratamentos sanitarios,

procesos patolóxicos de sanación acotados no tempo pola UPRL, ou situacións de carácter similar) non terá obrigación de participar no concurso.

A persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da correspondente UPRL, adxudicaráselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consonte ao procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razón de protección da saúde regulamentado na Orde do 16 de setembro de 2008.

ANEXO I

INSTRUCCIÓNS DE ACCESO AO EXPEDIENTE ELECTRÓNICO (FIDES)

A Oficina Virtual do Profesional (FIDES) constitúe o punto de encontro telemático entre o Servizo Galego de Saúde e os/as profesionais cos que mantén unha vinculación, así como coas persoas aspirantes e profesionais doutros servizos de saúde que participen nos procesos de selección e provisión de prazas convocados por este organismo, e configúrase como a plataforma de acceso ao expediente electrónico do/da profesional ou aspirante.

O acceso a FIDES, poderase realizar desde:

- Internet (profesionais do Servizo Galego de Saúde e procedentes doutros servizos autonómicos de saúde).
- A intranet do Servizo Galego de Saúde (só dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, e desde equipamentos informáticos situados fisicamente na rede corporativa).

1. Acceso desde a internet.

1.1. Acceso desde a internet con certificado dixital.

Os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde, así como os que procedan doutro servizo de saúde autonómico poderán acceder desta forma a FIDES a través do enderezo <http://fides.sergas.es>.

É requisito indispensable dispoñer dun certificado dixital para acceder a través desta vía. Os certificados aceptados son os expedidos pola FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre) e o DNI electrónico (DNle).

Para obter o certificado dixital expedido pola FNMT será preciso solicitalo a través da internet (no enderezo www.cert.fnmt.es), ou ben en calquera oficina da Axencia Tributaria (Ministerio de Economía e Facenda).

Se o/a usuario/a xa dispón dunha tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico, esta xa contén un certificado da FNMT, polo que non será necesario solicitar un novo. De feito, a solicitude dun novo certificado inhabilitará o que existe na tarxeta sanitaria. Pola súa parte, o DNI electrónico (DNle) poderase solicitar nas oficinas da Dirección Xeral da Policía.

Para a identificación do/da usuario/a mediante tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico ou a través do DNI electrónico, será preciso, con carácter xeral, dispoñer dunha lectora de tarxetas. Non se requirirá lectoras de tarxetas unicamente no suposto de dispoñer dun certificado dixital da FNMT instalado no propio equipo.

A primeira vez que un/unha profesional acceda con certificado dixital a FIDES, solicitaráselle que cubra un formulario de alta con datos básicos.

1.2. Acceso desde a internet sen certificado dixital.

O acceso a FIDES desde a internet sen certificado dixital pode efectuarse a través do enderezo <http://fides.sergas.es>, mediante o sistema Chave365, que permite aos/ás cidadáns/cidadás maiores de idade identificarse tanto en FIDES como na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico.

Pódese atopar toda a información relativa ao sistema Chave365 neste enderezo: <https://sede.xunta.gal/chave365>.

2. Acceso desde a intranet do Servizo Galego de Saúde.

Esta vía só estará dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e desde equipamentos informáticos situados fisicamente na rede corporativa do citado organismo.

Os/as profesionais cun vínculo activo terán, mediante este sistema, acceso á totalidade de servizos e funcionalidades de FIDES, incluído o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados.

O acceso a FIDES realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para acceder ao resto de funcionalidades do sistema.

3.- Manual de instrucións de acceso e funcionamento do expediente electrónico e validación da documentación.

Na sede electrónica do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) figura á disposición dos/das concursantes un manual de instrucións sobre o acceso e funcionamento do expediente electrónico,

os diferentes estados en que pode atopar a información relativa aos seus méritos e normas de validación da documentación que hai que achegar.

4.- Cada participante deberá cubrir unha única solicitude de inscrición de mobilidade interna voluntaria, no modelo normalizado, a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES/expedient-e/Procesos); este formulario de inscrición estará dispoñible ata o último día de presentación de solicitudes. Unha vez cumprimentada debidamente a solicitude, deberá imprimila e presentala, dentro do prazo establecido, preferentemente no Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario De Pontevedra.

ANEXO II

Baremo de Méritos

As solicitudes serán avaliadas segundo o seguinte baremo:

1. Experiencia Profesional:

1.1. **Antigüidade nas institucións sanitarias públicas** será avaliada do seguinte xeito:

a) Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: **1 punto**.

b) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: **0,5 puntos**.

Os servizos prestados en promoción interna temporal puntuaranse para os efectos da mobilidade interna na praza básica ou de orixe. No suposto de que o profesional acadase a súa praza como persoal propietario nunha categoría na que, con anterioridade, tivese prestado servizos en promoción interna temporal, estes servizos serán puntuados de acordo co seu carácter temporal, para a mobilidade interna na nova categoría.

1.2. **Permanencia na institución:** os aspirantes acadarán unha puntuación adicional polos servizos prestados como persoal fixo con destino definitivo no centro, Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra ou Hospital Público de O Salnés, segundo o caso, na mesma categoría á que se opta, puntuándose unicamente ata un máximo de tempo de cinco anos, a razón de **0,25 puntos por mes** con un **máximo de 15 puntos**.



Os meses serán computados por días naturais, procedendo á división do total de días, resultantes dos servizos prestados, entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada apartado será o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

En ningún caso a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mes natural se poderá valorar por enriba da puntuación establecida para o dito período dun mes.

O período de formación para a obtención do título de especialista en ningún caso poderá ser valorado como tempo de servizos prestados na categoría para a que o dito título de especialista é requisito indispensable.

De existir declaración de servizos especiais consonte ao art. 64 do Estatuto Marco o período de formación para a obtención do título de especialista valorarase como tempo de servizos prestados na categoría dende a que se declara tal situación de servizos especiais e co carácter de servizos prestados con vínculo fixo ou con vínculo temporal segundo a calidade de fixo ou temporal do profesional ao que se lle declarou a situación de servizos especiais.

A situación de servizos especiais e os períodos de permiso sen soldo que gozase o profesional valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados para os efectos deste baremo. Os servizos prestados na situación de servizos especiais por acceso a praza de formación sanitaria especializada contemplada no art. 64 do Estatuto Marco valoraranse consonte ao establecido no punto anterior.

2. Formación Continuada e Docencia:

2.1. **Formación Continuada:** puntuarase a asistencia debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

b) Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou



avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

c) Cursos de formación continua realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións Públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

- **Por crédito: 0,5 puntos**
- **Por hora: 0,05 puntos**

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren nel.

So se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta (diplomatura ou especialidade, formación profesional, bacharelato superior, graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente, segundo o caso).

Os cursos para que poidan ser valorados deben especificar os créditos/horas de duración, o seu contido, a data de realización e o órgano que o imparte.

Os cursos de prevención de riscos laborais, informática, igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero valoraranse en todas as categorías, con independencia da data de obtención do título esixido para o acceso a estas.

2.2. Docencia:

Valorase a actividade docente consistente na impartición dos tipos de cursos sinalados no apartado de formación continuada, con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos ditos cursos, sempre que estes cumpran os requisitos citados.

A puntuación outorgada resultará dos créditos asignados ao curso e á correspondente participación individual en número de horas, tendo en conta, en todo caso, que a puntuación que se outorgará a quen impartise os ditos cursos será o duplo da puntuación asignada á formación recibida.

- Por crédito: **1 punto**
- Por hora: **0,1 punto**

Así mesmo, valorase a docencia para a obtención de títulos oficiais, acreditada a través do correspondente recoñecemento a razón de **2 puntos** por ano académico.

A puntuación máxima conxunta polas epígrafes de formación continuada e docencia non poderá exceder de **24 puntos**.

3. Coñecementos da lingua galega:

- Pola acreditación da superación do curso CELGA 2, iniciación da lingua galega ou equivalente: **3 puntos**.
- Pola acreditación da superación do curso CELGA 4, perfeccionamento da lingua galega ou equivalente: **6 puntos**.

Para a valoración deste epígrafe, os cursos do CELGA 2 equipárase ao curso de iniciación e o CELGA 4 ao de perfeccionamento de acordo coa Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG nº 34 do 19 de febreiro) pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (CELGA).

No suposto de acreditar máis dun grao de coñecemento da lingua galega, só se computará o superior.



ANEXO III
DESTINOS OFERTADOS

CATEGORIA	ENFERMEIRO/A						
CENTRO	AREA	SERVIZO	C	M	S	T	TOTAL
HM	CIRURXICA	CIRUXIA AMBULATORIA			1		1
		QUIROFANO	5	11			16
		URPA	6				6
	CRITICOS	REANIMACION	6				6
		UCE	2				2
		UCI	9				9
	HOSPITALIZACION	CARDIOLOXIA	9				9
		CIRUXIA A	6				6
		CIRUXIA B	9				9
		DIXESTIVO	6				6
		HEMATOLOXIA-VASCULAR	3				3
		HOSP.DIA		3			3
		MEDICINA INTERNA	6				6
		NEUMOLOXIA	3				3
		TRAUMATOLOXIA A	7				7
		TRAUMATOLOXIA B	7				7
		UROLOXIA-ORL	7				7
	SERVIZOS CENTRAIS	BANCO DE SANGUE	1	4			5
		CONSULTAS		13			13
		ENDOCOPIA		0	3		3
		FARMACIA			2		2
		RADIOLOXIA			3		3
	URXENCIAS	URXENCIAS	17				17
HP	CIRURXICA	QUIROFANO	4	2			6
	HOSPITALIZACION	HOPS.DIA ONCOLOXIA			3		3
		LACTANTES	0				0
		MEDICINA INTERNA 1	4				4
		MEDICINA INTERNA 2	6				6
		MEDICINA INTERNA 3	8				8
		NEUROLOXIA	4				4
		OBSTETRICIA	8				8
		ONCOLOXIA	5				5
		UNICOIDADOS PALIATIVOS	3				3
		XINECOLOXIA	5				5
	SERVIZOS CENTRAIS	BANCO DE SANGUE	5				5
		CONSULTAS		3			3
		HADO		4			4
		NEFROLOXIA			14		14
		RADIOLOXIA		1			1
	URXENCIAS	URXENCIAS	5				5
MOLLABAO	SERVIZOS CENTRAIS	MOLLABAO			7		7



CATEGORIA	TCAE
-----------	------

CENTRO	AREA	SERVIZO	C	M	S	T	TOTAL
HM	CIRURXICA	CIRUXIA AMBULATORIA			1		1
		ESTERILIZACION	6				6
		QUIROFANO	5				5
		URPA	1				1
	CRITICOS	REANIMACION	2				2
		UCE	2				2
		UCI	9				9
	HOSPITALIZACION	CARDIOLOXIA	3				3
		CIRUXIA A	1				1
		CIRUXIA B	2				2
		DIXESTIVO	3				3
		HEMATOLOXIA-VASCULAR	2				2
		HOSP.DIA		1			1
		MEDICINA INTERNA	3				3
		NEUMOLOXIA	2				2
		TRAUMATOLOXIA A	7				7
		TRAUMATOLOXIA B	4				4
		UROLOXIA-ORL	2				2
	SERVIZOS CENTRAIS	CONSULTAS		11			11
		ENDOCOPIA			2		2
		RADIOLOXIA		1			1
	URXENCIAS	URXENCIAS	7				7
HP	CIRURXICA	PARTOS	2				2
		QUIROFANO	5				5
	CRITICOS	UCI-REA	2				2
	HOSPITALIZACION	ESCOLARES	4				4
		HOPS.DIA ONCOLOXIA			1		1
		LACTANTES	2				2
		MEDICINA INTERNA 1	5				5
		MEDICINA INTERNA 2	7				7
		MEDICINA INTERNA 3	11				11
		NEONATOS	5				5
		NEUROLOXIA	5				5
		OBSTETRICIA	7				7
		ONCOLOXIA	7				7
		PSIQUIATRIA	6				6
		UNI.COIDADOS PALIATIVOS	2				2
		XINECOLOXIA	4				4
	SERVIZOS CENTRAIS	CONSULTAS		6			6
		NEFROLOXIA			2		2
		REHABILITACION		1		1	2
	URXENCIAS	URXENCIAS	6				6
MOLLABAO	SERVIZOS CENTRAIS	MOLLABAO			2		2



CATEGORIA FISIOTERAPEUTA

CENTRO	AREA	SERVIZO	C	M	S	T	TOTAL
HM	REHABILITACION	REHABILITACION		3	1	2	6
HP	REHABILITACION	REHABILITACION		2		2	4

CATEGORIA TÉCNICO/A SUPERIOR EN IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO

CENTRO	AREA	SERVIZO	C	M	S	T	TOTAL
HM	SERVIZOS CENTRAIS	RADIOLOXIA	6	4	3		13
VIR.PEREGRINA	SERVIZOS CENTRAIS	RADIOLOXIA		1			1

CATEGORIA TÉCNICO/A SUPERIOR EN LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO

CENTRO	AREA	SERVIZO	C	M	S	T	TOTAL
HM	SERVIZOS CENTRAIS	LABORATORIO 24 H	5	1			6
		LABORATORIO HEMATOLOXIA		3	2		5
HP	SERVIZOS CENTRAIS	BANCO DE SANGUE		1			1
		LABORATORIO 24 H	3				3
		LABORATORIO CENTRAL		8			8
		MICROBIOLOXIA		5			5

CATEGORIA GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA

ÁREA DE ACOPLAMENTO		QUENDA	CHOP	H.MONTECELO	H.PROVINCIAL	DE MOLLABAO	LEREZ	Sanidade
SERVIZOS CENTRAIS	FARMACIA	FKA		3				
	ANÁLISIS CLÍNICOS	FKA	1	1	1			
	COF	FKA				1		
ÁREAS MÉDICAS	DIRECTIVO	FKA		1				
	PSQUIATRIA	FKA				1	1	
	REHABILITACION	FKA	2					
	UCI	FKA		1				
ÁREAS CIRÚRxicAS	CIRURXIA VASCULAR	FKA		1				
	CIRURXIA XERAL	FKA		1				
	TRALMATOLOXIA	FKA		2				
	UROLOXIA	FKA		1				
XERENCIA	ADMISION	FKA		13	5			
		SIMPLE				5		
		COMPLEXA		3				
	DOC CLINICA E CONTROL XESTION	FKA		1				
		SIMPLE		1				
	ATENCIÓN AO PACIENTE	FKA	2					
RECURSOS ECONÓMICOS	RECURSOS ECONÓMICOS	FKA						
			1		1			6
RECURSOS HUMANOS	RECURSOS HUMANOS	FKA			4			1
		DESLEGANTE			1			
	APDIO ADMINISTRATIVO	SIMPLE	2					

CATEGORIA CELADOR/A

ÁREA DE ACOPLAMENTO		QUENDA	H MONTECELO	H PROVINCIAL	CE MOLLABAD	CE VILAGARCIA
CONSULTAS EXTERNAS	CONSULTAS EXTERNAS	FIXA	3	2		1
		SIMPLE			3	
SERVIZOS CENTRAIS	FARMACIA	FIXA	1			
	UCI-REA-UCE	FIXA	2			
	RADIOLOXIA	SIMPLE		1		
SERVIZOS XERAIS	ALM. CONCERTADOS	FIXA		2		
	ALM. MANTEMENTO	FIXA	1			
	ENDOSCOPIAS	FIXA	2			
	REHABILITACIÓN	FIXA	1			
HOSPITALIZACION	ONCOLOXIA	FIXA		2		
	PSIQUIATRÍA	SIMPLE		2		
	HOSPITALIZACIÓN	SIMPLE	3	3		
		COMPLEXA	20	18		
	U.S.A.	COMPLEXA		3		
QUIROFANO	QUIROFANO	SIMPLE		3		
		COMPLEXA	12			
URXENCIAS	URXENCIAS	SIMPLE	3			
		COMPLEXA		1		

